



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS

Anuncio

CONVOCATORIA E BASES PARA A PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO A PROVER POLO SISTEMA DE CONCURSO DE MÉRITOS ENTRE FUNCIONARIOS/AS DESTA DEPUTACION PROVINCIAL.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión de 19 de outubro de 2018 (corrección de erros sesión da Xunta de Goberno de 25 de outubro de 2018) adoptou o seguinte Acordo:

“ 1º Aprobar as bases para a provisión dos postos traballo de persoal funcionario da deputación provincial de Lugo que se relacionan seguidamente, a prover polo sistema de concurso de méritos entre funcionarios desta Deputación.

POSTOS DE TRABAJO QUE SE CONVOCAN

A	ADXUNTÍAS XEFATURAS SERVIZO
A.1/A.2	2 ENXEÑEIRO CAMIÑOS, CANLES E PORTOS /ADXUNTO SERVIZO VÍAS E OBRAS
A3	ENXEÑEIRO INFORMÁTICO/ADXUNTO SERVIZO COMUNICACIÓN E TICS
A4	TÉCNICO ASESOR RRHH /ADXUNTO SERVIZO RRHH
B	XEFATURAS DE SECCIÓN
B.1	XEFATURAS DE SECCIÓN I
B.1.1	XEFE SECCIÓN I BENESTAR E IGUALDADE
B.1.2	XEFE SECCIÓN I CONTRATACIÓN
B.1.3	XEFE SECCIÓN I FOMENTO
B.1.4	XEFE SECCIÓN I INNOVACIÓN E PARTICIPACIÓN CIDADÁ
B.1.5	XEFE SECCIÓN I INSPECCIÓN TRIBUTARIA
B.1.6	XEFE SECCIÓN I MEDIOAMBIENTE
B.1.7	XEFE SECCIÓN I PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO
B.1.8	XEFE SECCIÓN I VÍAS E OBRAS /ENX TÉCN OBRAS PÚBLICAS
B.1.9	XEFE SECCIÓN I XESTIÓN ORZAMENTOS (INTERVENCIÓN)
B.2	XEFATURAS DE SECCIÓN III
B.2.1	XEFE SECCIÓN III PATRIMONIO

B.3	ADXUNTÍAS SECCIÓN
B.3.1	ADXUNTÍA SECCIÓN XESTIÓN RECADACIÓN VOLUNTARIA
C	XEFATURAS DE UNIDADE
C.1	XEFATURAS DE UNIDADE I
C.1.1	XEFE UNIDADE I APOIO COORDINACIÓN E XESTIÓN TERRITORIAL
C.1.2	XEFE UNIDADE I RECURSOS DOUTROS ENTES
C.2	XEFATURAS DE UNIDADE II
C.2.1	XEFE UNIDADE II ADMINISTRACIÓN BOP
C.2.2	XEFE UNIDADE II APOIO E XESTIÓN ADMINISTRATIVA COMUNICACIÓN
C.2.3	XEFE UNIDADE II XESTIÓN ADMINISTRATIVA PRESIDENCIA
C.2.4	XEFE UNIDADE II XESTIÓN ADMINISTRATIVA E PROCURADURÍA
D	XEFATURAS DE NEGOCIADO
D.1	XEFATURAS DE NEGOCIADO I
D.1.1	XEFE NEGOCIADO I ACTAS
D.1.2	XEFE NEGOCIADO I APOIO E TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA SECRETARÍA
D.1.3	XEFE NEGOCIADO I COLECCIÓN (MUSEO PROVINCIAL)
D.1.4	XEFE NEGOCIADO I CONTABILIDADE INFORMÁTICA RECADACIÓN
D.1.5	XEFE NEGOCIADO I DEVOLUCIÓN E FRACCIONAMENTOS (RECADACIÓN)
D.1.6	XEFE NEGOCIADO I GASTOS DE PERSOAL (INTERVENCIÓN)
D.1.7	XEFE NEGOCIADO I PLUSVALÍA E CIRCULACIÓN (RECADACIÓN)
D.1.8	XEFE NEGOCIADO I POXAS (RECADACIÓN)
D.1.9	XEFE NEGOCIADO I SUBVENCIÓN
D.1.10	XEFE NEGOCIADO I TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA EXPROPIACIÓN E CONTROL DE PROXECTOS
D.1.11	XEFE NEGOCIADO I TRIBUTOS VARIOS (RECADACIÓN)
D.2	XEFATURAS DE NEGOCIADO II
D.2.1	XEFE NEGOCIADO II APOIO E TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA COOPERACIÓN CONCELLOS
D.2.2	XEFE NEGOCIADO II APOIO E TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA SECRETARÍA XERAL ADXUNTA
D.2.3	XEFE NEGOCIADO II NÓMINAS E SEGURIDADE SOCIAL
D.2.4	XEFE NEGOCIADO II TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA COOPERACIÓN E PROXECTOS
D.2.5	XEFE NEGOCIADO II TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA GRANXA

D.2.6	XEFE NEGOCIADO II TRAMITACIÓN ADMINISTRACIÓN PARQUE MÓBIL
D.2.7	XEFE NEGOCIADO II TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA PRESIDENCIA
D.2.8	XEFE NEGOCIADO II TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA REDE MUSEÍSTICA
D.2.9	XEFE NEGOCIADO II TRAMITACIÓN SUBVENCÍONS E COORDINACIÓN VIXILANTES MEDIOAMBIENTAIS
E	COORDINADOR-XEFE II
E.1	COORDINADOR-XEFE II ADMINISTRACIÓN PREVENCIÓN
E.2	COORDINADOR-XEFE II ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN CULTURAL CENTRAD
E.3	COORDINADOR-XEFE II APOIO E ASUNTOS SOCIAIS
E.4	COORDINADOR-XEFE II RUTAS FLUVIAIS
F	RESPONSABLE COORDINADOR
F.1	RESPONSABLE COORDINADOR I
F.1.1	RESPONSABLE COORDINADOR I XESTIÓN TRIBUTOS CONCELLOS- INFORMÁTICA
F.2	RESPONSABLE COORDINADOR II
F.2.1	RESPONSABLE COORDINADOR II APOIO E TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA RRHH
F.2.2	RESPONSABLE-COORDINADOR II NOVAS TÉCNOLOXÍAS RRHH
F.2.3	RESPONSABLE COORDINADOR II PLAN ÚNICO
F.3	RESPONSABLE COORDINADOR III
F.3.1	RESPONSABLE-COORDINADOR III PROCESOS SELECTIVOS
G	ENCARGADO II
G.1	ENCARGADO II INFORMACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ
H	PARQUE MÓBIL
H.1/H.2	2 ADXUNTO XEFE PARQUE MÓBIL
H.3	MAQUINISTA-CONDUTOR TRANSPORTISTA
H.3	MECÁNICO ESPECIALISTA

2º Convocar aos funcionarios/as que reunindo os requisitos establecidos nas bases da convocatoria desexen participar no procedemento de provisión dos postos de traballo da Deputación que se relacionan seguidamente e que constan no Anexo I das mencionadas Bases coas especificacións concretas en cada un deles.

3º Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia e extracto da mesma no Diario Oficial de Galicia (DOGA) e no Boletín Oficial do Estado (BOE), así como a realización de cantos tramites sexan necesarios para a provisión dos postos que se convocan”.

Contra este Acordo que pon fin a vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte da publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia ou recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Pazo Provincial, 5 de novembro de 2018.- O SECRETARIO P.S O SECRETARIO XERAL ADXUNTO, José Antonio Mourelle Cillero.

BASES PARA A PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, POLO SISTEMA DE CONCURSO.

1. NORMAS DE APLICACIÓN.

As bases da convocatoria e o procedemento de provisión de postos de traballo, réxense polo contido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 30/1984, de 2 de agosto de Medidas para a Reforma da Función Pública, no Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido de Réxime Local e conforme ao artigo 168 da anterior disposición nas normas que en desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local dite a administración do Estado; serán tamén de aplicación o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional de Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado e o Decreto 93/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Provisión de Postos de Traballo, Carreira, Promoción Profesional e Promoción Interna da Xunta de Galicia, aplicable ao persoal da Administración Local, no que non estea reservado á lexislación do Estado. Así mesmo, como normas propias desta Entidade, aplícase o sinalado no Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo e o Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación Provincial, aprobado definitivamente en sesión plenaria de 25 de setembro de 2006 (BOP de 30 de setembro de 2006).

2. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto das presentes bases a regulación da provisión polo procedemento de concurso ordinario, dos postos de traballo que se sinalan no Anexo I. Estes postos figuran na vixente RPT como vacantes, dotados orzamentariamente, reservados a réxime xurídico funcional e cuxa forma de provisión é do Concurso.

A convocatoria e as presentes bases para a provisión dos postos de traballo publicaranse integramente no BOP, enviándose extracto da convocatoria ao DOG e ao BOE que abrirá o prazo de presentación de instancias.

Publicaranse tamén no Taboleiro de Anuncios desta Deputación, na súa páxina web (www.deputacionlugo.org) e no Portal do Empregado.

3. CONDICIÓNS E REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN.

Os empregados da Deputación Provincial de Lugo que ocupen unha praza do cadro de persoal funcionario, calquera que sexa a súa situación administrativa, excepto os suspensos en firme, que non poderán participar mentres dure á suspensión, poderán tomar parte nos concursos, sempre que reúnan as condicións xerais esixidas na Base 3.1 e os requisitos determinados para cada un dos postos de traballo no Anexo I tal e como se sinala na Base 3.2.

Os requisitos de participación deberán posuírse na data que remate o prazo de presentación de instancias.

3.1 CONDICIÓNS XERAIS ESIXIDAS.

Os aspirantes deberán pertencer ao cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo e deberán permanecer no último posto de traballo obtido con carácter definitivo un mínimo de dous anos no momento de rematar o prazo de presentación de instancias, salvo os supostos previstos no parágrafo segundo do artigo 20.1.e) da Lei de Medidas para a Reforma da Función Pública e no caso de supresión do posto de traballo.

3.1.1 Aos funcionarios que accedaran a outra Escala por promoción interna e permanezan no posto de traballo que desempeñaban, se lles computará o tempo de servizos prestado en dito posto no Corpo ou Escala de procedencia a efectos do disposto no parágrafo anterior.

3.1.2 Os funcionarios en situación de servizos especiais ou en excedencia por coidado de familiares só poderán tomar parte nesta convocatoria se, ao termo do prazo de presentación de instancias, transcorren dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo obtido.

3.1.3 Os funcionarios en excedencia voluntaria por interese particular e excedencia voluntaria por agrupación familiar, non lles será computable o tempo que permanezan en tal situación para os efectos do cómputo dos dous anos aos que se refire o parágrafo primeiro do apartado 3.1. e só poderán participar se, ao termo do prazo de presentación de instancias, cumpriron o prazo mínimo de dous anos que teñen que permanecer nas ditas situacións.

3.1.4 Os funcionarios en situación de excedencia forzosa teñen a abrigo de participar, se así se lles notifica, de acordo co art. 13 do RD 365/1995, de 10 de marzo.

3.1.5 Os funcionarios con algunha discapacidade poderán solicitar a adaptación do posto de traballo a cubrir, sempre que non supoña unha modificación exorbitante no contexto da organización. A comisión de valoración poderá requirir ao interesado a información que coide necesaria respecto a adaptación aducida, así como o ditame dos órganos cualificadores da Comunidade Autónoma, referido á procedencia da adaptación e da compatibilidade

co desempeño das tarefas e funcións do posto en concreto. Neste suposto, a resolución do concurso producirase despois de recibidos, analizados e avaliados pola Comisión de Valoración os informes pertinentes.

3.2 REQUISITOS DETERMINADOS NA CONVOCATORIA PARA CADA UN DOS POSTOS DE TRABAJO.

Os requisitos esixidos para cada posto de traballo están sinalados no Anexo I das presentes bases, apartado "REQUISITOS INDISPENSABLES PARA A PROVISIÓN".

4.- PRESENTACION DE SOLICITUDES DE PARTICIPACION E ACREDITACION DE MERITOS

4.1 PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

Os aspirantes que desexen tomar parte no concurso, deberán presentar solicitude axustada ao modelo oficial; de ser varios os postos solicitados presentarán solicitude para cada un dos postos nos que desexen participar, relacionando de forma expresa os méritos que aleguen para optar a cada posto. Na propia solicitude relacionaran os méritos que alegan para a súa valoración.

No suposto de estar interesados nas vacantes que se convocan para un mesmo municipio dous funcionarios que reúnan os requisitos esixidos, poderán condicionar as súas peticións, por razóns de convivencia familiar, ao feito de que ambos os dous obteñan destino no concurso no mesmo municipio, entendéndose, en caso contrario, anulada a petición efectuada por ambos. Os empregados que se acollan a esta petición condicional deberán concretalo na súa instancia e acompañar unha fotocopia da petición do outro funcionario.

4.2 MODELO DE SOLICITUDE.

O modelo oficial de solicitude é o que se incorpora como Anexo II ás presentes bases.

4.3 PRAZO DE PRESENTACIÓN.

O prazo para presentar solicitudes será de quince días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOE.

4.4 LUGAR DE PRESENTACIÓN.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral desta Entidade, ou en calquera dos lugares determinados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4.5 ACREDITACION DE MÉRITOS

4.5.1 CRITERIOS XERAIS

Os méritos que alegue o/a funcionario/a na solicitude de participación deberán posuírse antes do remate do prazo de presentación de instancias.

Os aspirantes deberán relacionar, na solicitude de participación, os méritos que alegan

Os méritos alegados e non acreditados documentalmente non serán tidos en conta pola Comisión de Valoración.

4.5.2 FORMA DE ACREDITALOS

A) SUPOSTOS REFERIDOS Á CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL

Os aspirantes deberán aportar, xunto coa solicitude de participación, os documentos que acrediten, no seu caso, as circunstancias que se recollen na base 8.5 que consistirán en:

a) Destino previo do cónxuxe funcionario:

Destino do cónxuxe: certificación que acredite a localidade de destino do cónxuxe, posto que desempeña e forma en que o obtivo.

Parentesco: copia compulsada do Libro de Familia, de data actual, ou certificación actualizada do Rexistro Civil de inscrición matrimonial.

b) Coidado de fillos:

Idade do menor: copia compulsada do Libro de Familia, de data actual ou da resolución administrativa ou xudicial da adopción, acollemento permanente ou preadoptivo.

Mellor atención do menor: declaración do proxenitor solicitante xustificando as razóns que avalan que o cambio de posto permite a mellor atención do menor.

c) Coidado de familiar:

Parentesco: copia compulsada do Libro de Familia, de data actual e/ou outros documentos públicos que acrediten a relación, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.

Situación de dependencia por idade, accidente, enfermidade ou discapacidade: Certificado Médico Oficial ou documento dos Órganos da Administración Pública competente na materia acreditativo de tales extremos.

Non desempeño de actividade retribuída: certificado que acredite que non está de alta en ningún Réxime da Seguridade Social pola realización dun traballo por conta propia ou allea e declaración da persoa dependente de que non desempeña actividade retribuída algunha.

Acceso desde municipio distinto: certificado de empadramento do familiar dependente.

Mellor atención do familiar: declaración do solicitante xustificando as razóns que avalan que o cambio de posto permite a mellor atención do familiar.

B) ACREDITACION DA CONDICION DE FUNCIONARIO/A DE CARRREIRA, GRAO PERSOAL CONSOLIDADO, POSTOS OCUPADOS CON CARACTER DEFINITIVO, AVALIACION DO DESEMPEÑO E ANTIGUIDADE

Administración achegará a solicitude do aspirante a certificación ou documentación que acredite:

a) A condición de ser funcionario de carreira, a praza que ocupa o aspirante en propiedade, a escala, clase e categoría profesional á que pertence e o grupo de titulación.

b) O grao persoal consolidado.

c) O/s posto/s de traballo que ocupara con anterioridade con carácter definitivo ao/s que se accedera dende prazas, desde as que se poida acceder ao posto que se convoca, indicando a adscrición (Servizo, Sección, Unidade, Negociado, etc.) e o/s nivel/is de complemento de destino e o tempo que os ocuparon en cada adscrición si esta correspondera con Servizo, Sección, Unidade, Negociado, etc., diferentes.

d) As cualificacións outorgadas nas tres últimas avaliacións do desempeño, indicando o posto de traballo que ocupaba o aspirante e a súa adscrición.

e) A antigüidade do funcionario incluíndo os recoñecidos ao abeiro do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos propios na Administración Pública.

C) ACREDITACION DA FORMACIÓN.

Os méritos que os aspirantes relacionen na solicitude de participación referidos á formación relacionada directamente coas funcións do posto que se convoca, á/s titulación/s académica/s, aos coñecementos do idioma galego e aos idiomas da Unión Europea, a Administración informará a cada aspirante dos méritos que constando no seu expediente persoal foron inscritos no Libro Rexistro de Persoal, coas indicacións que correspondan, se fose necesario, de xeito que permita a correcta acreditación e valoración.

Recibida esta comunicación polo aspirante, dispoñerá dun prazo máximo de 10 días hábiles para acreditar debidamente estes méritos se non estivesen, así como para achegar a documentación necesaria que acredite aqueloutros méritos, que figurando relacionados na instancia de participación, nos estiveran acreditados previamente.

En ningún caso se poderá utilizar este trámite para acreditar méritos non alegados (relacionados) na solicitude orixinal de participación.

4.6 CORRECCIÓN DE DEFICIENCIAS FORMAIS NA SOLICITUDE.

No caso de existencia de deficiencias formais corrixibles nas solicitudes, requirirase ao interesado, outorgándolle un prazo de cinco días hábiles para a súa corrección.

En ningún caso se poderá utilizar este trámite para acreditar méritos non alegados (relacionados) na solicitude orixinal.

5. LISTA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS:

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e, se é o caso, de corrección de deficiencias, a Presidencia ditará resolución pola que declara aos aspirantes admitidos e aos excluídos por incumprir os requisitos da convocatoria.

6. COMISIÓN DE VALORACIÓN

6.1 A Comisión de Valoración estará composta por un mínimo de 5 membros podendo actuar indistintamente titulares ou suplentes, sendo a súa composición a seguinte:

PRESIDENTE: O Xefe do Servizo de Recursos Humanos ou un Técnico ou experto designado polo Presidente da Deputación Provincial.

VOGAIS: Tres técnicos ou expertos designados polo Presidente da Deputación Provincial.

SECRETARIO: O da Corporación ou funcionario que o substitúa.

Na composición da Comisión tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte da Comisión as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

O nomeamento das persoas que constituirán a Comisión de Valoración e suplentes realizarase por Decreto do Presidente, debendo ser funcionarios e posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ao posto que se convoca.

Os membros da Comisión terán todos voz e voto.

6.2 A Comisión de Valoración terá a categoría que corresponda de acordo co disposto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo e disposicións concordantes.

6.3 A Comisión de Valoración poderá solicitar da Autoridade convocante a designación de expertos que en calidade de asesores actuarán con voz pero sen voto, así como persoal de colaboración.

6.4 A Comisión de valoración quedará facultada para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a correcta xestión do procedemento en todo o non previsto nestas bases.

7 PUBLICACIÓN DA/S RESOLUCIÓN/S QUE APROBA/N A LISTA DE ADMITIDOS E A COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE VALORACIÓN.

A/s citada/s resolución/s publícanse no Taboleiro de Anuncios da Deputación de Lugo e na páxina web (www.deputacionlugo.org).

Contra resolución que aprobe a lista de admitidos os aspirantes poderán presentar os recursos legalmente procedentes.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición da Comisión de Valoración, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

8.- BAREMO DE MÉRITOS

A Comisión de Valoración puntuará os méritos alegados polos aspirantes no Modelo de Solicitud. Os méritos deberán posuírse antes da data de remate do prazo de presentación de instancias. A acreditación dos méritos rexerase polo establecido na base cuarta. Non se terán en conta os méritos que non se acreditasen no período de validación ou incorporación fixado nas base antes sinalada.

Valoraranse os seguintes méritos:

8.1 GRAO PERSOAL CONSOLIDADO. Puntuación máxima 10,5 puntos.

O grao consolidado puntuarase en relación ao nivel do posto convocado segundo a seguinte táboa:

GRAO PERSOAL	PUNTUACION
Máis de 3 niveis superior	10,5
Ata 3 niveis superior	8
Igual nivel	7
Ata 3 niveis inferior	6
Máis de 3 niveis inferior	5

8.2 TRABALLO DESENVOLVIDO EN RELACIÓN Á FUNCIÓN DO POSTO CONVOCADO (VER ANEXO I). Puntuación máxima 24,5 puntos.

A) TEMPO DE PERMANENCIA EN POSTOS OCUPADOS CON CARÁCTER DEFINITIVO NA MESMA ÁREA FUNCIONAL.

1º.- Só se puntuará neste apartado o desenvolvemento de traballos en posto/s ocupado/s con carácter definitivo. Os períodos en que se teñan desenvolvido traballos con nomeamentos provisionais (Comisión de servizos, ATF, substitucións temporais, etc.) valoraranse polo nivel de Complemento de Destino do posto definitivo do aspirante, que se considerará adscrito á mesma Unidade administrativa onde estea nomeado provisionalmente. En ningún caso se terá en conta a efectos da valoración neste apartado as funcións derivadas de nomeamentos provisionais (Comisión de Servizos, ATF,) e/ou substitución temporal ou calquera outra forma de nomeamento provisional.

2º.- O traballo desenvolvido valorarase tomando en consideración o nivel de complemento de destino dos postos ocupados polos aspirantes con carácter definitivo, sempre que o seu acceso fose necesario cumprir os mesmo requisitos indispensables para a provisión que os sinalados no Anexo I das presentes bases.

3º.- O traballo desenvolvido previamente puntuarase sempre que posto fose desempeñado na mesma Área Funcional que o posto convocado e tendo en conta simultaneamente a similitude entre o contido técnico e especialización dos postos ocupados polos candidatos cos ofertados ou que teña realizado algunha das funcións do posto convocado.

4º.- A Comisión de Valoración para puntuación deste apartado terá en conta a Unidade Administrativa na que se adscriba o posto convocado ou obxecto de determinar a especialización e singularidade da materia ou función do posto convocado que se sinala no Anexo I das presentes Bases (Función do posto), coas funcións e materias que se realizan polo aspirante na unidade administrativa onde estea adscrito o posto que ocupa definitivamente.

A puntuación máxima neste apartado será de 18,5 puntos aplicándose a táboa que se sinala a continuación. A puntuación indicada na seguinte táboa aplicarase por cada ano de servizo ou fracción superior a seis meses

VALORACIÓN DO TRABALLO DESENVOLVIDO EN POSTOS DE TRABALLO CON CARÁCTER DEFINITIVO NA MESMA ÁREA FUNCIONAL.			
NIVEIS DE COMPLEMENTO DE DESTINO	TRABALLO PREVIO CO MESMO CONTIDO TÉCNICO, ESPECIALIZACIÓN E FUNCIÓN QUE A DESCRITA NO ANEXO I PARA CADA POSTO . PUNTUACIÓN MÁXIMA: 18	TRABALLO PREVIO REALIZANDO ALGUNHA DAS TAREFAS ESPECÍFICAS. DO POSTO AO QUE OPTA CONFORME AO ANEXO I PUNTUACIÓN MÁXIMA 12 PUNTOS	TRABALLO PREVIO SEN REALIZAR TAREFAS ESPECÍFICAS DO POSTO AO QUE OPTA CONFORME AO ANEXO I PUNTUACIÓN MÁXIMA 6 PUNTOS
Máis de 3 niveis superior	18	12	6
Ata 3 niveis superior	9	6	3
Igual nivel	6	4	2
Ata 3 niveis inferior	4,5	3	1,5
Máis de 3 niveis inferior	3,6	2,4	1,2

B) APTITUDE E RENDEMENTO APRECIADOS AOS CANDIDATOS, NO DESEMPEÑO DOS POSTOS DE TRABALLO, DEFINITIVA OU PROVISIONALMENTE OCUPADOS, QUE TEÑAN RELACIÓN COA NATUREZA DOS POSTOS CONVOCADOS CONFORME SE DETERMINA NO ANEXO I PARA CADA POSTO, NAS 3 ÚLTIMAS AVALIACIÓNS DO DESEMPEÑO.

A puntuación máxima neste apartado será de 6 puntos aplicándose a táboa que se sinala a continuación para cada período de avaliación.

	CUALIFICACIÓNS	PUNTUACIÓNS
TRABALLO PREVIO CO MESMO CONTIDO TÉCNICO, ESPECIALIZACIÓN E FUNCIÓN QUE A DESCRITA NO ANEXO I PARA CADA POSTO	Satisfactorio	0,5
	Moi Satisfactorio	1
	Superior	1,5
	Excepcional/ Moi excepcional	2
TRABALLO PREVIO REALIZANDO ALGUNHA DAS TAREFAS ESPECÍFICAS DO POSTO AO QUE OPTA CONFORME AO ANEXO I	Satisfactorio	0,25
	Moi Satisfactorio	0,50
	Superior	0,75
	Excepcional/ Moi excepcional	1
TRABALLO PREVIO SEN REALIZAR TAREFAS ESPECÍFICAS DO POSTO AO QUE OPTA CONFORME AO ANEXO I	Satisfactorio	0,05
	Moi Satisfactorio	0,25
	Superior	0,50
	Excepcional/ Moi excepcional	0,75

8.3 FORMACIÓN RELACIONADA DIRECTAMENTE COAS FUNCIÓNS DO POSTO AO QUE SE OPTA. Puntuación máxima 17,5 puntos.

A) CURSOS DE FORMACIÓN, PERFECCIONAMENTO OU DOCENCIA UNIVERSITARIA. Puntuación máxima apartado A) 6 puntos.

1º.- Cursos de Formación e Perfeccionamento incluídos dentro dos plans de formación da Deputación Provincial de Lugo e a docencia universitaria cualificarase aplicando as seguintes táboas a cada hora acreditada.

Neste apartado incluíranse os cursos de formación, perfeccionamento ou docencia realizados en calquera outra Administración que sexan deseñados especificamente para a Administración Local.

TIPO DE CURSOS	REALIZADOS NO ANO DA CONVOCATORIA E OS 10 ANTERIORES	REALIZADOS FAI 11 ATA 15 ANOS
Asistencia	0,020	0,010
Aproveitamento	0,030	0,015
Impartir cursos	0,090	0,045
Docencia Universitaria	0,180	0,090

2º.- Cursos de Formación e Perfeccionamento realizados por Escolas de Administración Pública (non deseñados especificamente para a Administración Local) ou por outras Entidades Públicas ou Privadas homologadas.

TIPO DE CURSOS	REALIZADOS NO ANO DA CONVOCATORIA E OS 10 ANTERIORES	REALIZADOS FAI 11 ATA 15 ANOS
Asistencia	0,0133	0,0066
Aproveitamento	0,02	0,01
Impartir cursos	0,06	0,03

3º As publicacións, títulos non oficiais ou títulos propios en función do contido das mesmas e da relevancia para o posto de traballo, puntuaranse a criterio da Comisión de Valoración tomando como referencia o baremo anterior.

B) CURSOS DE FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DE INFORMÁTICA. Puntuación máxima apartado B) 1,5 puntos.

Valoraranse segundo a escala establecida no apartado A).

C) TÍTULOS UNIVERSITARIOS DE CARÁCTER OFICIAL Puntuación máxima apartado C) 2 puntos.

Non se valorarán os títulos para acceder ao grupo profesional esixido para acceder ao posto de traballo, coas seguintes excepcións:

-Cando se poida acceder a un posto desde dous grupos profesionais ou máis, tomarase como referencia a titulación esixida para o grupo inferior.

-Cando o aspirante teña máis dunha titulación de acceso, poderanse valorar as que excedan da necesaria.

-Cando se posúa máis dunha titulación universitaria oficial na mesma rama ou especialidade só se puntuará a superior.

-Non se puntuarán nesta apartado as titulacións que se tiveran en conta nas puntuacións outorgadas noutros apartados deste baremo.

As titulacións universitarias oficiais valoraranse conforme ás seguintes puntuacións:

TÍTULO UNIVERSITARIO OFICIAL	PUNTUACIÓN
GRAO	1,5
MASTER UNIVERSITARIO	1,75
DOCTORADO	2
LICENCIATURA	1,75
DIPLOMATURA	1

FORMACIÓN PROFESIONAL	PUNTUACIÓN
TÉCNICOS SUPERIORES	0,75
TÉCNICOS MEDIOS	0,50

TÍTULOS NON UNIVERSITARIOS	PUNTUACIÓN
BACHARELATO	0,50
ESO	0,25

D) IDIOMA GALEGO. Puntuación máxima apartado D) 6 puntos.

A puntuación máxima neste apartado será de 6 puntos, conforme aos seguintes criterios, en dous apartados independentes.

- D.1- Niveis de galego con referencia ao marco europeo. Máximo 4 puntos

Non se puntuará o nivel de galego que se sinala no Anexo I , como nivel esixido para o desempeño do posto.

- Nivel de galego B2, CELGA 3: 2 puntos
- Nivel de galego C1, CELGA 4: 3 puntos
- Nivel de galego C2, CELGA 5: 4 puntos

D.2 Outros cursos: Máximo 2 puntos.

A puntuación do apartado D1 poderá incrementarse cando a Comisión de Valoración considere que os cursos incluídos neste apartado son relevantes para o desempeño da función do posto convocado, sempre que se estea en posesión como mínimo do Nivel de Galego C1 ou o CELGA 4:

Cursos Específicos de linguaxe administrativo un xurídica administrativa:

- Básico: 0.5 puntos
- Medio: 0.75 puntos
- Superior: 1 puntos
- Tradutor: 2 puntos

Grao ou Licenciatura en Lingua Galega: 2 puntos.

E) IDIOMAS DA UNIÓN EUROPEA. Puntuación máxima: 2 puntos.

Puntuarase sempre que se considere relevante para o desempeño do posto de traballo convocado.

Marco Europeo de referencia para os idiomas cooficiais:

- Nivel A1: 0,75 puntos
- Nivel A2: 1 punto
- Nivel B1: 1,25 puntos
- Nivel B2: 1,50 puntos
- Nivel C1: 1,75 puntos
- Nivel C2: 2 puntos

8.4 ANTIGÜIDADE. Puntuación máxima 10.5 puntos.

Valorarase a razón de 0.45 puntos por ano de servizos na Administración.

Para estes efectos, computaranse os servizos prestados con carácter previo ao ingreso no Corpo ou escala, expresamente recoñecidos ao abeiro do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos propios na Administración Pública. Non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados.

8.5.-SUPOSTOS REFERIDOS Á CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL Puntuación máxima 7 puntos.

Valoraranse os supostos que a continuación se indican, cando o posto convocado ao que opta o funcionario estea en distinto Concello do posto de procedencia.

- a) O destino previo do cónxuxe funcionario, obtido mediante convocatoria pública, no concello onde radique o posto ou postos de traballo solicitados, sempre que se acceda desde concello distinto: 3 puntos
- b) O coidado de fillos, tanto cando o sexan por natureza como por adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo, ata que o fillo cumpra doce anos, sempre que se acredite polos interesados indubidablemente que o posto de traballo que se solicita permite unha mellor atención ao menor: 3 puntos
- c) O coidado dun familiar, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, sempre que, por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída, sempre que se acceda desde un concello distinto, e sempre que se acredite indubidablemente polos interesados que o posto que se solicita permite unha mellor atención do familiar: 3 puntos.

A valoración deste último suposto será incompatible coa outorgada polo coidado de fillos.

Para que poidan ser valoradas estas situacións relativas á conciliación da vida persoal, familiar e laboral, necesariamente os solicitantes que as aleguen deberán acreditalo mediante a presentación da documentación que se especifica no apartado 5.4.c) da base quinta.

8.6 PUNTUACIÓN MÍNIMA

A puntuación mínima necesaria para a adxudicación de vacantes convocadas será de 15 puntos.

9. VALORACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

9.1 A Comisión efectuará a valoración conforme aos criterios establecidos no baremo. Efectuada esta, formularase unha proposta provisional de nomeamento, a favor do candidato ou candidatos que obtiveran as maiores puntuacións sempre que superaran a puntuación mínima de 15 puntos, sen que o número de aspirantes propostos poida exceder do número de postos convocados.

9.2 En caso de empate acudirase para resolvelo á puntuación obtida nos apartados do baremo pola orde que figura neste.

9.3 A proposta provisional publicarase no Taboleiro de Anuncios e na páxina web deste Organismo coas puntuacións que obtiveran todos os concursantes. Os interesados poderán interpoñer reclamacións contra esta nun prazo de cinco días. Resoltas estas pola Comisión de Valoración, elevarase proposta definitiva á Xunta de Goberno, que resolverá definitivamente.

En caso de non existir reclamacións no prazo sinalado, a proposta provisional farase definitiva elevándose á Xunta de Goberno para os efectos previstos no apartado anterior.

10. PRAZO PARA A RESOLUCIÓN DO CONCURSO E PUBLICACIÓN:

O prazo para a resolución do concurso será de dous meses desde o día seguinte ao remate do prazo de presentación de instancias, consonte ao artigo 47 do RD 364/95, de 10 de marzo.

A resolución do concurso publicarase no BOP, no Taboleiro de Anuncios e na páxina web da Entidade .

11. TOMA DE POSESIÓN.

Realizado o nomeamento pola Xunta de Goberno, os interesados tomarán posesión nun prazo de tres días hábiles se non implica cambio de residencia do funcionario, o de un mes si comporta cambio de residencia ou reingreso ao servizo activo.

O prazo de toma de posesión comezará a contarse a partir do día seguinte ao cesamento, que deberá efectuarse dentro dos 3 días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso no Boletín Oficial da Provincia.

Os destinos adxudicados serán irrenunciabiles, salvo que, antes de rematar o prazo da toma de posesión, obtivera outro mediante convocatoria pública

Unha vez formalizada a toma de posesión comunicarase á Intervención, Nóminas, Persoal, Xefes das dependencias respectivas e á Xunta de Persoal.

12. IMPUGNACIÓN.

As presentes Bases e todos os actos derivados destas poderán ser impugnados de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

13. RECURSOS.

Contra o presente Acordo polo que se aproban as bases e se realiza a presente convocatoria, que é definitivo en vía administrativa, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Presidente da Deputación Provincial no prazo de un mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma no BOP, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Pazo Provincial, 5 de novembro de 2018.- O SECRETARIO P.S O SECRETARIO XERAL ADXUNTO, José Antonio Mourelle Cillero.

ANEXO I**A ADXUNTÍAS DE SERVIZO.****A.1**

Nº DE POSTOS CONVOCADOS		DENOMINACIÓN POSTO DE TRABALLO		
1		ENXEÑEIRO CAMIÑOS, CANLES E PORTOS /ADXUNTO XEFE SERVIZO DE VÍAS E OBRAS		
ADSCRICIÓN		ÁREA DE XESTIÓN TERRITORIAL, VICEPRESIDENCIA - SERVIZO DE VÍAS E OBRAS		
Nº POSTO	RX	TP	CD	
1092	F	S	27	
FUNCIÓN ESENCIAL DO POSTO				
Apoio, colaboración e asesoramento técnico ao Xefe de Servizo, substituíndoo na súa ausencia.				
Dirección, xestión, planificación, organización e coordinación dos trámites e actuacións necesarios para o mantemento e conservación das vías provinciais, realizando informes, proxectos técnicos, plans, programas complexos ao obxecto de cumprir cos obxectivos fixados polo superior xerárquico.				
REQUISITOS INDISPENSABLES PARA A PROVISIÓN				
TIPO DE PERSOAL		FUNCIONARIO		
GRUPO-S/SUBGRUPO-S		A-A1		
CLASIFICACIÓN		Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Técnicos Superiores.		
TITULARES DE PRAZAS DE:		Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos		
NIVEL DE GALEGO				
CELGA IV				

A.2

Nº DE POSTOS CONVOCADOS		DENOMINACIÓN POSTO DE TRABALLO		
1		ENXEÑEIRO CAMIÑOS, CANLES E PORTOS /ADXUNTO XEFE SERVIZO DE VÍAS E OBRAS		
ADSCRICIÓN		ÁREA DE XESTIÓN TERRITORIAL-VICEPRESIDENCIA /SERVIZO DE VÍAS E OBRAS		
Nº POSTO	RX	TP	CD	
1093	F	S	27	
FUNCIÓN ESENCIAL DO POSTO				
Apoio, colaboración e asesoramento técnico ao Xefe de Servizo, substituíndoo na súa ausencia.				
Dirección, xestión, planificación, organización e coordinación dos trámites e actuacións necesarios para a construción e obras novas nas vías provinciais, realizando informes, proxectos técnicos, plans, programas complexos ao obxecto de cumprir cos obxectivos fixados polo superior xerárquico.				
REQUISITOS INDISPENSABLES PARA A PROVISIÓN				
TIPO DE PERSOAL		FUNCIONARIO		
GRUPO-S/SUBGRUPO-S		A-A1		
CLASIFICACIÓN		Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Técnicos Superiores.		
TITULARES DE PRAZAS DE:		Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos		
NIVEL DE GALEGO				
CELGA IV				

A.3

Nº DE POSTOS CONVOCADOS	DENOMINACIÓN POSTO DE TRABAJO			
1	ENXEÑEIRO INFORMÁTICO/ADXUNTO XEFE SERVIZO COMUNICACIÓN E TICS			
ADSCRICIÓN	PRESIDENCIA SERVIZO DE COMUNICACIÓN E TICS - SECCIÓN NOVAS TECNOLOXÍAS			
Nº POSTO	RX	TP	CD	
1548	F	S	27	
FUNCIÓN ESENCIAL DO POSTO				

Apoio, colaboración e asesoramento técnico ao Xefe de Servizo, substituíndoo na súa ausencia.	
Dirección, xestión, planificación, organización e coordinación dos trámites e actuacións necesarias para a implantación, uso, mantemento e conservación dos sistemas de Tecnoloxías da Información e comunicación electrónica, trámites en liña, así como para o cumprimento do principio de transparencia na Deputación e nos Concellos que soliciten colaboración, ao obxecto de cumprir cos obxectivos fixados polo superior xerárquico.	
REQUISITOS INDISPENSABLES PARA A PROVISIÓN	
TIPO DE PERSOAL	FUNCIONARIO
GRUPO-S/SUBGRUPO-S	A-A1
CLASIFICACIÓN	Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Técnicos Superiores.
TITULARES DE PRAZAS DE:	Enxeñeiro Informático
NIVEL DE GALEGO	
CELGA IV	

A.4

Nº DE POSTOS CONVOCADOS		DENOMINACIÓN POSTO DE TRABAJO		
1		TÉCNICO ASESOR RECURSOS HUMANOS / ADXUNTO XEFE SERVIZO RRHH		
ADSCRICIÓN		GOBERNO INTERIOR E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS - SUBÁREA DE GOBERNO INTERIOR, ASUNTOS XERAIS E FORMACIÓN- SERVIZO DE RRHH E ASISTENCIA AOS CONCELLOS		
Nº POSTO	RX	TP	CD	
1526	F	S	27	
FUNCIÓN ESENCIAL DO POSTO				
Colaboración, apoio, asistencia e substitución á Xefatura de Servizo de RRHH naquelas actuacións que se lle encomenden. Asesoramento Técnico-legal, asistencia e apoio aos Concellos en materia de RRHH, utilizando para iso os coñecementos especializados en dereito administrativo na súa vertente de función pública, dereito social: laboral, SS, sindical, PRL. Realización de actividades de xestión, estudo e proposta de carácter administrativo de nivel superior en materia de recursos humanos. Ademais da realización das función propias da súa titulación ou especialización que lle encomende o Xefe de Servizo, responsabilizándose da execución de proxectos, actividades, tramitación de expedientes, etc., incluída a dirección de persoas cando sexa necesario.				
REQUISITOS INDISPENSABLES PARA A PROVISIÓN				
TIPO DE PERSOAL		FUNCIONARIO		
GRUPO-S/SUBGRUPO-S		A-A1		
CLASIFICACIÓN		Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica. Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Técnico Superior.		
TITULARES DE PRAZAS DE:		Técnico de Administración Xeral. Licenciado en Ciencias do Traballo.		
NIVEL DE GALEGO				
CELGA IV				

B XEFATURAS DE SECCIÓN.

B.1 XEFATURAS DE SECCIÓN I.

B.1.1

Nº DE POSTOS CONVOCADOS	DENOMINACIÓN POSTO DE TRABAJO			
1	XEFE SECCIÓN I BENESTAR E IGUALDADE			
ADSCRICIÓN	ÁREA PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL- SECCIÓN BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE			
Nº POSTO	RX	TP	CD	
1551	F	S	26	
FUNCIÓN ESENCIAL DO POSTO				

Dirección, planificación, xestión, coordinación e supervisión das actividades e tramitación administrativa, organizativa e procedementa referentes ás actuacións, programas e plans de benestar social e igualdade na provincia de Lugo entre eles o servizo de tele asistencia o programa de balnearios e SAF, de acordo coa normativa de aplicación, ao obxecto de acadar os obxectivos marcados polos niveis estruturais superiores, Exercer competencia xerárquica sobre as estruturas e postos adscritos.	
REQUISITOS INDISPENSABLES PARA A PROVISIÓN	
TIPO DE PERSOAL	FUNCIONARIO
GRUPO-S/SUBGRUPO-S	A-A1/A-A2
CLASIFICACIÓN	Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica ou de Xestión//Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Técnicos Superiores ou Técnicos Medios.
TITULARES DE PRAZAS DE:	Técnico Administración Xeral/Técnico de Xestión/Médico Esp. Medicina do Traballo/ Psicólogo, ATS, Diplomado en Traballo Social.
NIVEL DE GALEGO	
CELGA IV	

B.1.2

Nº DE POSTOS CONVOCADOS		DENOMINACIÓN POSTO DE TRABALLO		
1		XEFE SECCIÓN I CONTRATACIÓN		
ADSCRICIÓN		PRESIDENCIA-SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO, SECCIÓN CONTRATACIÓN		
Nº POSTO	RX	TP	CD	
1520	F	S	26	
FUNCIÓN ESENCIAL DO POSTO				
Dirixir, planificar, coordinar e supervisar as actividades e trámites de carácter administrativo, organizativo e procedemental, referentes aos contratos de servizos, concesión de servizos, subministracións e contratos administrativos especiais e privados da administración, especializándose na posta en funcionamento dos diversos instrumentos de racionalización técnica da contratación, ao obxecto de acadar os obxectivos marcados polos niveis estruturais superiores de acordo coa normativa de aplicación				
Exercer competencia xerárquica sobre as estruturas e postos adscritos á Sección.				
REQUISITOS INDISPENSABLES PARA A PROVISIÓN				
TIPO DE PERSOAL		FUNCIONARIO		
GRUPO-S/SUBGRUPO-S		A-A1/A-A2		
CLASIFICACIÓN		Escala de administración xeral, Subescala Técnica ou de Xestión / Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Técnicos superiores ou Técnicos medios.		
TITULARES DE PRAZAS DE:		Técnico de administración xeral, Técnicos de xestión, Economista, Letrado, Técnico administración financeira e contabilidade, Diplomado en administración financeira, Diplomado en ciencias empresariais.		
NIVEL DE GALEGO				
CELGA IV				

B.1.3

Nº DE POSTOS CONVOCADOS	DENOMINACIÓN POSTO DE TRABAJO			
1	XEFE SECCIÓN I FOMENTO			
ADSCRICIÓN	PRESIDENCIA- SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO, SECCIÓN FOMENTO			
Nº POSTO	RX	TP	CD	
1521	F	S	26	
FUNCIÓN ESENCIAL DO POSTO				
Dirixir, planificar, coordinar e supervisar as actividades e trámites de carácter administrativo, organizativo e procedementa, referentes a actividade de fomento e de axudas do Ente provincial, así como crear e xestionar mecanismos de cooperación pública vertical e horizontal xeral, salvo os referentes a contratos de obras e investimentos, ao obxecto de acadar os obxectivos marcados polos niveis estruturais superiores de acordo coa normativa de aplicación. Exercer competencia xerárquica sobre as estruturas e postos adscritos á Sección.				
REQUISITOS INDISPENSABLES PARA A PROVISIÓN				
TIPO DE PERSOAL	FUNCIONARIO			
GRUPO-S/SUBGRUPO-S	A-A1/A-A2			

CLASIFICACIÓN	Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica ou de Xestión/Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Técnicos Superiores ou Técnicos Medios.
TITULARES DE PRAZAS DE:	Técnico de Administración Xeral, Técnicos de Xestión, Economista, Letrado, Técnico Administración Financeira e Contabilidade, Diplomado en Administración Financeira, Diplomado en Ciencias Empresariais.
NIVEL DE GALEGO	
CELGA IV	

B.1.4

Nº DE POSTOS CONVOCADOS	DENOMINACIÓN POSTO DE TRABAJO			
1	XEFE SECCIÓN I INNOVACIÓN E PARTICIPACIÓN CIDADÁ			
ADSCRICIÓN	ÁREA INNOVACIÓN, PARTICIPACIÓN CIDADÁ, MOCIDADE E DEPORTES- SECCIÓN INNOVACIÓN E PARTICIPACIÓN CIDADÁ			
Nº POSTO	RX	TP	CD	
1549	F	S	26	
FUNCIÓN ESENCIAL DO POSTO				
Dirección, planificación, xestión, coordinación e supervisión das actividades e tramitación administrativa, organizativa e procedementa referentes as actuacións relativas as axudas de Fondos Europeos, tanto referentes á innovación como ao resto de Servizos da Entidade, realizando propostas para o impulso da participación cidadá nos asuntos públicos, ao obxecto de acadar os obxectivos marcados polos niveis estruturais superiores. Exercer competencia xerárquica sobre as estruturas e postos adscritos á Sección.				
REQUISITOS INDISPENSABLES PARA A PROVISIÓN				
TIPO DE PERSOAL	FUNCIONARIO			
GRUPO-S/SUBGRUPO-S	A-A1/A-A2			
CLASIFICACIÓN	Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica e de Xestión			
TITULARES DE PRAZAS DE:	Técnico Administración Xeral e Técnico de Xestión			
NIVEL DE GALEGO				
CELGA IV				

B.1.5

Nº DE POSTOS CONVOCADOS	DENOMINACIÓN POSTO DE TRABAJO			
1	XEFE SECCIÓN I INSPECCIÓN TRIBUTARIA			
ADSCRICIÓN	ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN E FACENDA- SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA, SECCIÓN INSPECCIÓN TRIBUTARIA			
Nº POSTO	RX	TP	CD	
1533	F	S	26	
FUNCIÓN ESENCIAL DO POSTO				
Dirixir, planificar, coordinar e supervisar as actividades e trámites de carácter administrativo, organizativo e procedementa, en materia de inspección tributaria na súa labor de cooperación e asistencia económica, xurídica e técnica aos Concellos da provincia, ao obxecto de acadar os obxectivos marcados polos niveis estruturais superiores de acordo coa normativa de aplicación. Exercer competencia xerárquica sobre as estruturas e postos adscritos á Sección.				
REQUISITOS INDISPENSABLES PARA A PROVISIÓN				
TIPO DE PERSOAL	FUNCIONARIO			
GRUPO-S/SUBGRUPO-S	A-A1/A-A2			
CLASIFICACIÓN	Escala Administración Xeral, Subescala Técnica, Subescala de Xestión			
TITULARES DE PRAZAS DE:	Técnico Administración Xeral e Técnico de Xestión.			
NIVEL DE GALEGO				
CELGA IV				

B.1.6

Nº DE POSTOS CONVOCADOS		DENOMINACIÓN POSTO DE TRABALLO		
1		XEFE SECCIÓN I MEDIOAMBIENTE		
ADSCRICIÓN		ÁREA DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS E MEDIO AMBIENTE - SERVIZO DE MEDIOAMBIENTE, SECCIÓN MEDIOAMBIENTE		
Nº POSTO	RX	TP	CD	
1969	F	S	26	
FUNCIÓN ESENCIAL DO POSTO				
Dirixir, planificar, coordinar e supervisar as actividades e trámites de carácter administrativo, organizativo e procedemental relativas a Medio Ambiente e realizar os proxectos, informes para os que lle habilita á titulación académica, ao obxecto de acadar os obxectivos marcados polos niveis estruturais superiores de acordo coa normativa de aplicación.				
Exercer competencia xerárquica sobre as estruturas e postos adscritos á Sección.				
REQUISITOS INDISPENSABLES PARA A PROVISIÓN				
TIPO DE PERSOAL		FUNCIONARIO		
GRUPO-S/SUBGRUPO-S		A-A1/A-A2		
CLASIFICACIÓN		Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Técnicos Superiores ou Técnicos Medios ou prazas de Cometidos Especiais.		
TITULARES DE PRAZAS DE:		Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico Xestión Medioambiental.		
NIVEL DE GALEGO				
CELGA IV				

B.1.7

Nº DE POSTOS CONVOCADOS		DENOMINACIÓN POSTO DE TRABALLO	
1		XEFE SECCIÓN I PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO	
ADSCRICIÓN		ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL -SECCIÓN PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO	
Nº POSTO	RX	TP	CD
1550	F	S	26
FUNCIÓN ESENCIAL DO POSTO			
Dirección, programación, xestión, coordinación e supervisión das actividades e trámites administrativos, de organización e de procedemental referentes ás actuacións de promoción e implantación das políticas activas de emprego relacionadas coa creación da actividade empresarial na provincia de Lugo de acordo coa normativa de aplicación, ao obxecto de acadar os obxectivos marcados polos niveis estruturais superiores. Exercer competencia xerárquica sobre as estruturas e postos adscritos.			
REQUISITOS INDISPENSABLES PARA A PROVISIÓN			
TIPO DE PERSOAL		FUNCIONARIO	
GRUPO-S/SUBGRUPO-S		A-A1/A-A2	
CLASIFICACIÓN		Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica ou de Xestión. Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Técnico Superior ou Técnico Medio.	
TITULARES DE PRAZAS DE:		Técnico Administración Xeral ou Técnico Xestión, Licenciado ou Graduado Ciencias do Traballo, Relacións Laborais.	
NIVEL DE GALEGO			
CELGA IV			

B.1.8

Nº DE POSTOS CONVOCADOS	DENOMINACIÓN POSTO DE TRABAJO		
1	XEFE SECCIÓN I VIAS E OBRAS/ENXEÑEIRO TÉCNICO OBRAS PÚBLICAS		
ADSCRICIÓN	ÁREA DE XESTIÓN TERRITORIAL-VICEPRESIDENCIA- SERVIZO DE VÍAS E OBRAS, SECCIÓN VÍAS E OBRAS		
Nº POSTO	RX	TP	CD
1523	F	S	26
FUNCIÓN ESENCIAL DO POSTO			

Dirección, execución, planificación, coordinador e supervisión das actuacións que se lle encomenden relativas á explotación (conservación e construción) da Rede Viaria Provincial e outras infraestruturas e redes de servizos, realizando os proxectos e informes para os que lle habilita a titulación académica oficial de acordo coa normativa, tendo en conta os obxectivos fixados polos niveis estruturais superiores. Exercer competencia xerárquica sobre as estruturas e postos adscritos ao seu ámbito de actuación.

REQUISITOS INDISPENSABLES PARA A PROVISIÓN

TIPO DE PERSOAL	FUNCIONARIO
GRUPO-S/SUBGRUPO-S	A-A1/A-A2
CLASIFICACIÓN	Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Técnicos Superiores ou Técnicos Medios.
TITULARES DE PRAZAS DE:	Enxeñeiro Camiños, Canles e Portos, Enxeñeiro Técnico Obras Públicas.
NIVEL DE GALEGO	
CELGA IV	

B.1.9

Nº DE POSTOS CONVOCADOS	DENOMINACIÓN POSTO DE TRABAJO			
1	XEFE SECCIÓN I XESTIÓN ORZAMENTOS			
ADSCRICIÓN	ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN E FACENDA- INTERVENCIÓN, SECCIÓN XESTIÓN ORZAMENTOS			
Nº POSTO	RX	TP	CD	
1532	F	S	26	
FUNCIÓN ESENCIAL DO POSTO				
Apoiar ao Interventor/a na dirección, planificación, coordinación e supervisión das actividades e trámites de carácter administrativo, organizativo e procedementa referentes a confección do orzamento da entidade e as súas modificacións, ao obxecto de acadar os obxectivos de acordo coa normativa de aplicación. Exercer competencia xerárquica sobre as estruturas e postos adscritos ou que se adscriban á Sección.				
REQUISITOS INDISPENSABLES PARA A PROVISIÓN				
TIPO DE PERSOAL	FUNCIONARIO			
GRUPO-S/SUBGRUPO-S	A-A1/A-A2			
CLASIFICACIÓN	Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Técnicos Superiores ou Técnicos Medios.			
TITULARES DE PRAZAS DE:	Economista, Licenciado/Graduado/Diplomado en Ciencias Empresariais, en Dirección e Administración de Empresas, Técnico de Administración Financeira e Contabilidade, Técnico Administración Financeira e Recadación.			
NIVEL DE GALEGO				
CELGA IV				

B.2 XEFATURAS DE SECCIÓN III

B.2.1

Nº DE POSTOS CONVOCADOS	DENOMINACIÓN POSTO DE TRABAJO			
1	XEFE SECCIÓN III PATRIMONIO			
ADSCRICIÓN	PRESIDENCIA -SECRETARIA XERAL E SERVIZOS CENTRAIS, PATRIMONIO E INVENTARIO XERAL, SECCIÓN PATRIMONIO			
Nº POSTO	RX	TP	CD	
1319	F	S	25	
FUNCIÓN ESENCIAL DO POSTO				
2º Convocar aos empregados coa condición de persoal laboral fixo, que reunindo os requisitos establecidos nas bases da convocatoria desexen participar no procedemento de provisión dos postos de traballo da Deputación que se relacionan seguidamente e que constan no Anexo I das mencionadas Bases coas especificacións concretas en cada un deles.

3º Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia, así como a realización de cantos tramites sexan necesarios para a provisión dos postos que se convocan.

Contra este Acordo que pon fin a vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte da publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia ou recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Pazo Provincial, 5 de novembro de 2018.- O SECRETARIO P.S O SECRETARIO XERAL ADXUNTO, José Antonio Mourelle Cillero.

BASES PARA A PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, POLO SISTEMA DE CONCURSO.**1. NORMAS DE APLICACIÓN.**

As bases da convocatoria e o procedemento de provisión de postos de traballo, réxense polo contido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 30/1984, de 2 de agosto de Medidas para a Reforma da Función Pública, no Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido de Réxime Local e conforme ao artigo 168 da anterior disposición nas normas que en desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local dite a administración do Estado; serán tamén de aplicación o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional de Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado e o Decreto 93/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Provisión de Postos de Traballo, Carreira, Promoción Profesional e Promoción Interna da Xunta de Galicia, aplicable ao persoal da Administración Local, no que non estea reservado á lexislación do Estado. Así mesmo, como normas propias desta Entidade, aplícase o sinalado no Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo e o Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación Provincial, aprobado definitivamente en sesión plenaria de 25 de setembro de 2006 (BOP de 30 de setembro de 2006).

2. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto das presentes bases a regulación da provisión polo procedemento de concurso ordinario, dos postos de traballo que se sinalan no Anexo I. Estes postos figuran na vixente RPT como vacantes, dotados orzamentariamente, reservados a réxime xurídico laboral e cuxa forma de provisión é a do Concurso.

A convocatoria e as presentes bases para a provisión dos postos de traballo publicaranse integramente no BOP, que abrirá o prazo de presentación de instancias.

Publicaranse tamén no Taboleiro de Anuncios desta Deputación, na súa páxina web (www.deputacionlugo.org) e no Portal do Empregado.

3. CONDICIÓNS E REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN.

Os empregados da Deputación Provincial de Lugo que ocupen unha praza na condición de persoal laboral fixo, calquera que sexa a súa situación administrativa, excepto os suspensos en firme, que non poderán participar mentres dure á suspensión, poderán tomar parte nos concursos, sempre que reúnan as condicións xerais esixidas na Base 3.1 e os requisitos determinados para cada un dos postos de traballo no Anexo I tal e como se sinala na Base 3.2.

Os requisitos de participación deberán posuírse na data que remate o prazo de presentación de instancias.

3.1 CONDICIÓNS XERAIS ESIXIDAS.

Os aspirantes deberán pertencer ao cadro de persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo e deberán permanecer no último posto de traballo obtido con carácter definitivo un mínimo de dous anos no momento de rematar o prazo de presentación de instancias, salvo os supostos previstos no parágrafo segundo do artigo 20.1.e) da Lei de Medidas para a Reforma da Función Pública e no caso de supresión do posto de traballo.

3.1.1 Ao persoal laboral fixo que accedieran a outra Escala por promoción interna e permanezan no posto de traballo que desempeñaban, se lles computará o tempo de servizos prestado en dito posto no Corpo ou Escala de procedencia a efectos do disposto no parágrafo anterior.

3.1.2 O persoal laboral fixo en situación de servizos especiais ou en excedencia por coidado de familiares só poderán tomar parte nesta convocatoria se, ao termo do prazo de presentación de instancias, transcorren dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo obtido.

3.1.3 O persoal laboral fixo en excedencia voluntaria por interese particular e excedencia voluntaria por agrupación familiar, non lles será computable o tempo que permanezan en tal situación para os efectos do cómputo dos dous anos aos que se refire o parágrafo primeiro do apartado 3.1. e só poderán participar se, ao termo do prazo de presentación de instancias, cumpriron o prazo mínimo de dous anos que teñen que permanecer nas ditas situacións.

3.1.4 O persoal laboral fixo en situación de excedencia forzosa teñen a obriga de participar, se así se lles notifica, de acordo co art. 13 do RD 365/1995, de 10 de marzo.

3.1.5 O persoal laboral fixo con algunha discapacidade poderán solicitar a adaptación do posto de traballo a cubrir, sempre que non supoña unha modificación exorbitante no contexto da organización. A comisión de valoración poderá requirir ao interesado a información que coide necesaria respecto a adaptación aducida, así como o ditame dos órganos cualificadores da Comunidade Autónoma, referido á procedencia da adaptación e da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións do posto en concreto. Neste suposto, a resolución do concurso producirase despois de recibidos, analizados e avaliados pola Comisión de Valoración os informes pertinentes.

3.2 REQUISITOS DETERMINADOS NA CONVOCATORIA PARA CADA UN DOS POSTOS DE TRABALLO.

Os requisitos esixidos para cada posto de traballo están sinalados no Anexo I das presentes bases, apartado "REQUISITOS INDISPENSABLES PARA A PROVISIÓN".

4.- PRESENTACION DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN E ACREDITACIÓN DE MERITOS.

4.1 PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN.

Os aspirantes que desexen tomar parte no concurso, deberán presentar solicitude axustada ao modelo oficial; de ser varios os postos solicitados presentarán solicitude para cada un dos postos nos que desexen participar, relacionando de forma expresa os méritos que aleguen para optar a cada posto. Na propia solicitude relacionarán os méritos que alegan para a súa valoración.

No suposto de estar interesados nas vacantes que se convocan para un mesmo municipio dous empregados que reúnan os requisitos esixidos, poderán condicionar as súas peticións, por razóns de convivencia familiar, ao feito de que ambos os dous obteñan destino no concurso no mesmo municipio, entendéndose, en caso contrario, anulada a petición efectuada por ambos. Os empregados que se acollan a esta petición condicional deberán concretalo na súa instancia e acompañar unha fotocopia da petición do outro empregado.

4.2 MODELO DE SOLICITUDE.

O modelo oficial de solicitude é o que se incorpora como Anexo II ás presentes bases.

4.3 PRAZO DE PRESENTACIÓN.

O prazo para presentar solicitudes será de quince días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación no BOP.

4.4 LUGAR DE PRESENTACIÓN.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral desta Entidade, ou en calquera dos lugares determinados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4.5 ACREDITACION DE MÉRITOS

4.5.1 CRITERIOS XERAIS

Os méritos que alegue o/a empregado/a na solicitude de participación deberán posuírse antes do remate do prazo de presentación de instancias.

Os aspirantes deberán relacionar, na solicitude de participación, os méritos que alegan.

Os méritos alegados e non acreditados documentalmente non serán tidos en conta pola Comisión de Valoración.

4.5.2 FORMA DE ACREDITALOS

A) SUPOSTOS REFERIDOS Á CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL

Os aspirantes deberán aportar, xunto coa solicitude de participación, os documentos que acrediten, no seu caso, as circunstancias que se recollen na base 8.5 que consistirán en:

a) Destino previo do cónxuxe empregado/a:

Destino do cónxuxe: certificación que acredite a localidade de destino do cónxuxe, posto que desempeña e forma en que o obtivo.

Parentesco: copia compulsada do Libro de Familia, de data actual, ou certificación actualizada do Rexistro Civil de inscrición matrimonial.

b) Coidado de fillos:

Idade do menor: copia compulsada do Libro de Familia, de data actual ou da resolución administrativa ou xudicial da adopción, acollemento permanente ou preadoptivo.

Mellor atención do menor: declaración do proxenitor solicitante xustificando as razóns que avalan que o cambio de posto permite a mellor atención do menor.

c) Coidado de familiar:

Parentesco: copia compulsada do Libro de Familia, de data actual e/ou outros documentos públicos que acrediten a relación, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.

Situación de dependencia por idade, accidente, enfermidade ou discapacidade: Certificado Médico Oficial ou documento dos Órganos da Administración Pública competente na materia acreditativo de tales extremos.

Non desempeño de actividade retribuída: certificado que acredite que non está de alta en ningún Réxime da Seguridade Social pola realización dun traballo por conta propia ou allea e declaración da persoa dependente de que non desempeña actividade retribuída algunha.

Acceso desde municipio distinto: certificado de empadramento do familiar dependente.

Mellor atención do familiar: declaración do solicitante xustificando as razóns que avalan que o cambio de posto permite a mellor atención do familiar.

B) ACREDITACIÓN DA CONDICIÓ DE PERSOAL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FIXO, GRAO PERSOAL CONSOLIDADO, POSTOS OCUPADOS CON CARÁCTER DEFINITIVO, AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO E ANTIGÜIDADE.

A Administración achegará á solicitude do aspirante a certificación ou documentación que acredite:

a) A condición de ser persoal laboral fixo, a praza que ocupa o aspirante en propiedade, a escala, clase e categoría profesional á que pertence e ou grupo de titulación.

b) O grao persoal consolidado.

c) O/s posto/s de traballo que ocupara con anterioridade con carácter definitivo ao/s que se accedera dende prazas, desde as que se poida acceder ao posto que se convoca, indicando a adscrición (Servizo, Sección, Unidade, Negociado, etc.) e o/s nivel/is de complemento de destino e o tempo que os ocuparon en cada adscrición si esta correspondera con Servizo, Sección, Unidade, Negociado, etc., diferentes.

d) As cualificacións outorgadas nas tres últimas avaliacións do desempeño, indicando o posto de traballo que ocupaba o aspirante e a súa adscrición.

e) A antigüidade do empregado incluíndo os recoñecidos ao abeiro do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos propios na Administración Pública.

C) ACREDITACIÓN DA FORMACIÓN.

Os méritos que os aspirantes relacionen na solicitude de participación referidos á formación relacionada directamente coas funcións do posto que se convoca, á/s titulación/s académica/s, aos coñecementos do idioma galego e aos idiomas da Unión Europea, a Administración informará a cada aspirante dos méritos que constando no seu expediente persoal foron inscritos no Libro Rexistro de Persoal, coas indicacións que correspondan, se fose necesario, de xeito que permita a correcta acreditación e valoración.

Recibida esta comunicación polo aspirante, dispoñerá dun prazo máximo de 10 días hábiles para acreditar debidamente estes méritos se non estivesen, así como para achegar a documentación necesaria que acredite aqueloutros méritos, que figurando relacionados na instancia de participación, nos estiveran acreditados previamente.

En ningún caso se poderá utilizar este trámite para acreditar méritos non alegados (relacionados) na solicitude orixinal de participación.

4.6 CORRECCIÓN DE DEFICIENCIAS FORMAIS NA SOLICITUDE.

No caso de existencia de deficiencias formais corrixibles nas solicitudes, requirirase ao interesado, outorgándolle un prazo de cinco días hábiles para a súa corrección.

En ningún caso se poderá utilizar este trámite para acreditar méritos non alegados (relacionados) na solicitude orixinal.

5. LISTA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS:

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e, se é o caso, de corrección de deficiencias, a Presidencia ditará resolución pola que declara aos aspirantes admitidos e aos excluídos por incumprir os requisitos da convocatoria.

6. COMISIÓN DE VALORACIÓN

6.1 A Comisión de Valoración estará composta por un mínimo de 5 membros podendo actuar indistintamente titulares ou suplentes, sendo a súa composición a seguinte:

PRESIDENTE: O Xefe do Servizo de Recursos Humanos ou un Técnico ou experto designado polo Presidente da Deputación Provincial.

VOGAIS: Tres técnicos ou expertos designados polo Presidente da Deputación Provincial.

SECRETARIO: O da Corporación ou funcionario que o substitúa.

Na composición da Comisión tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte da Comisión as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

O nomeamento das persoas que constituirán a Comisión de Valoración e suplentes realizarase por Decreto do Presidente, debendo acreditar en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ao posto que se convoca.

Os membros da Comisión terán todos voz e voto.

6.2 A Comisión de Valoración terá a categoría que corresponda de acordo co disposto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo e disposicións concordantes.

6.3 A Comisión de Valoración poderá solicitar da Autoridade convocante a designación de expertos que en calidade de asesores actuarán con voz pero sen voto, así como persoal de colaboración.

6.4 A Comisión de valoración quedará facultada para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a correcta xestión do procedemento en todo o non previsto nestas bases.

7 PUBLICACIÓN DA/S RESOLUCIÓN/S QUE APROBA/N A LISTA DE ADMITIDOS E A COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE VALORACIÓN.

A/s citada/s resolución/s publícanse no Taboleiro de Anuncios da Deputación de Lugo e na páxina web (www.deputacionlugo.org).

Contra resolución que aprobe a lista de admitidos os aspirantes poderán presentar os recursos legalmente procedentes.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición da Comisión de Valoración, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

8.- BAREMO DE MÉRITOS

A Comisión de Valoración puntuará os méritos alegados polos aspirantes no Modelo de Solicitude. Os méritos deberán posuírse antes da data de remate do prazo de presentación de instancias. A acreditación dos méritos

rexerá polo establecido na base cuarta. Non se terán en conta os méritos que non se acreditasen no período de validación ou incorporación fixado na base antes sinalada.

Valoraranse os seguintes méritos:

8.1 GRAO PERSOAL CONSOLIDADO. Puntuación máxima 10,5 puntos.

O grao consolidado puntuarase en relación ao nivel do posto convocado segundo a seguinte táboa:

GRAO PERSOAL	PUNTUACION
Máis de 3 niveis superior	10,5
Ata 3 niveis superior	8
Igual nivel	7
Ata 3 niveis inferior	6
Máis de 3 niveis inferior	5

8.2 TRABALLO DESENVOLVIDO EN RELACIÓN Á FUNCIÓN DO POSTO CONVOCADO (VER ANEXO I). Puntuación máxima 24,5 puntos.

A) TEMPO DE PERMANENCIA EN POSTOS OCUPADOS CON CARÁCTER DEFINITIVO NA MESMA ÁREA FUNCIONAL.

1º.- Só se puntuará neste apartado o desenvolvemento de traballos en posto/s ocupado/s con carácter definitivo. Os períodos en que se teñan desenvolvido traballos con nomeamentos provisionais (Comisión de servizos, ATF, substitucións temporais, etc.) valoraranse polo nivel de Complemento de Destino do posto definitivo do aspirante, que se considerará adscrito á mesma Unidade administrativa onde estea nomeado provisionalmente. En ningún caso se terá en conta a efectos da valoración neste apartado as funcións derivadas de nomeamentos provisionais (Comisión de Servizos, ATF,) e/ou substitución temporal ou calquera outra forma de nomeamento provisional.

2º.- O traballo desenvolvido valorarase tomando en consideración o nivel de complemento de destino dos postos ocupados polos aspirantes con carácter definitivo, sempre que o seu acceso fose necesario cumprir os mesmos requisitos indispensables para a provisión que os sinalados no Anexo I das presentes bases.

3º.- O traballo desenvolvido previamente puntuarase sempre que posto fose desempeñado na mesma Área Funcional que o posto convocado e tendo en conta simultaneamente a similitude entre o contido técnico e especialización dos postos ocupados polos candidatos cos ofertados ou que teña realizado algunha das funcións do posto convocado.

4º.- A Comisión de Valoración para a puntuación deste apartado terá en conta a Unidade Administrativa na que se adscriba o posto convocado ao obxecto de determinar a especialización e singularidade da materia ou función do posto convocado que se sinala no Anexo I das presentes Bases (Función do posto), coas funcións e materias que se realizan polo aspirante na unidade administrativa onde estea adscrito o posto que ocupa definitivamente.

A puntuación máxima neste apartado será de 18,5 puntos aplicándose a táboa que se sinala a continuación. A puntuación indicada na seguinte táboa aplicarase por cada ano de servizo ou fracción superior a seis meses.

VALORACIÓN DO TRABALLO DESENVOLVIDO EN POSTOS DE TRABALLO CON CARÁCTER DEFINITIVO NA MESMA ÁREA FUNCIONAL.			
NIVEIS DE COMPLEMENTO DE DESTINO	TRABALLO PREVIO CO MESMO CONTIDO TÉCNICO, ESPECIALIZACIÓN E FUNCIÓN QUE A DESCRITA NO ANEXO I PARA CADA POSTO . PUNTUACIÓN MÁXIMA: 18	TRABALLO PREVIO REALIZANDO ALGUNHA DAS TAREFAS ESPECÍFICAS. DO POSTO AO QUE OPTA CONFORME AO ANEXO I PUNTUACIÓN MÁXIMA 12 PUNTOS	TRABALLO PREVIO SEN REALIZAR TAREFAS ESPECÍFICAS DO POSTO AO QUE OPTA CONFORME AO ANEXO I PUNTUACIÓN MÁXIMA 6 PUNTOS
Máis de 3 niveis superior	18	12	6
Ata 3 niveis superior	9	6	3

Igual nivel	6	4	2
Ata 3 niveis inferior	4,5	3	1,5
Máis de 3 niveis inferior	3,6	2,4	1,2

B) APTITUDE E RENDEMENTO APRECIADOS AOS CANDIDATOS, NO DESEMPEÑO DOS POSTOS DE TRABALLO, DEFINITIVA OU PROVISIONALMENTE OCUPADOS, QUE TEÑAN RELACIÓN COA NATUREZA DOS POSTOS CONVOCADOS CONFORME SE DETERMINA NO ANEXO I PARA CADA POSTO, NAS 3 ÚLTIMAS AVALIACIÓNS DO DESEMPEÑO.

A puntuación máxima neste apartado será de 6 puntos aplicándose a táboa que se sinala a continuación para cada período de avaliación.

	CUALIFICACIÓNS	PUNTUACIÓNS
TRABALLO PREVIO CO MESMO CONTIDO TÉCNICO, ESPECIALIZACIÓN E FUNCIÓN QUE A DESCRITA NO ANEXO I PARA CADA POSTO	Satisfactorio	0,5
	Moi Satisfactorio	1
	Superior	1,5
	Excepcional/ Moi excepcional	2
TRABALLO PREVIO REALIZANDO ALGUNHA DAS TAREFAS ESPECÍFICAS DO POSTO AO QUE OPTA CONFORME AO ANEXO I	Satisfactorio	0,25
	Moi Satisfactorio	0,50
	Superior	0,75
	Excepcional/ Moi excepcional	1
TRABALLO PREVIO SEN REALIZAR TAREFAS ESPECÍFICAS DO POSTO AO QUE OPTA CONFORME AO ANEXO I	Satisfactorio	0,05
	Moi Satisfactorio	0,25
	Superior	0,50
	Excepcional/ Moi excepcional	0,75

8.3 FORMACIÓN RELACIONADA DIRECTAMENTE COAS FUNCIÓNS DO POSTO AO QUE SE OPTA. Puntuación máxima 17,5 puntos.

A) CURSOS DE FORMACIÓN, PERFECCIONAMENTO OU DOCENCIA UNIVERSITARIA. Puntuación máxima apartado A) 6 puntos.

1º.- Cursos de Formación e Perfeccionamento incluídos dentro dos plans de formación da Deputación Provincial de Lugo e a docencia universitaria cualificarase aplicando as seguintes táboas a cada hora acreditada.

Neste apartado incluíranse os cursos de formación, perfeccionamento ou docencia realizados en calquera outra Administración que sexan deseñados especificamente para a Administración Local.

TIPO DE CURSOS	REALIZADOS NO ANO DA CONVOCATORIA E OS 10 ANTERIORES	REALIZADOS FAI 11 ATA 15 ANOS
Asistencia	0,020	0,010
Aproveitamento	0,030	0,015
Impartir cursos	0,090	0,045
Docencia Universitaria	0,180	0,090

2º.- Cursos de Formación e Perfeccionamento realizados por Escolas de Administración Pública (non deseñados especificamente para a Administración Local) ou por outras Entidades Públicas ou Privadas homologadas.

TIPO DE CURSOS	REALIZADOS NO ANO DA CONVOCATORIA E OS 10 ANTERIORES	REALIZADOS FAI 11 ATA 15 ANOS
Asistencia	0,0133	0,0066
Aproveitamento	0,02	0,01
Impartir cursos	0,06	0,03

3º As publicacións, títulos non oficiais ou títulos propios en función do contido das mesmas e da relevancia para o posto de traballo, puntuaranse a criterio da Comisión de Valoración tomando como referencia o baremo anterior.

B) CURSOS DE FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DE INFORMÁTICA. Puntuación máxima apartado B) 1,5 puntos.

Valoraranse segundo a escala establecida no apartado A).

C) TÍTULOS UNIVERSITARIOS DE CARÁCTER OFICIAL Puntuación máxima apartado C) 2 puntos.

Non se valorarán os títulos para acceder ao grupo profesional esixido para acceder ao posto de traballo, coas seguintes excepcións:

-Cando se poida acceder a un posto desde dous grupos profesionais ou máis, tomarase como referencia a titulación esixida para o grupo inferior.

-Cando o aspirante teña máis dunha titulación de acceso, poderanse valorar as que excedan da necesaria.

-Cando se posúa máis dunha titulación universitaria oficial na mesma rama ou especialidade só se puntuará a superior.

-Non se puntuarán nesta apartado as titulacións que se tiveran en conta nas puntuacións outorgadas noutros apartados deste baremo.

As titulacións universitarias oficiais valoraranse conforme ás seguintes puntuacións:

TÍTULO UNIVERSITARIO OFICIAL	PUNTUACIÓN
GRAO	1,5
MASTER UNIVERSITARIO	1,75
DOCTORADO	2
LICENCIATURA	1,75
DIPLOMATURA	1

FORMACIÓN PROFESIONAL	PUNTUACIÓN
TÉCNICOS SUPERIORES	0,75
TÉCNICOS MEDIOS	0,50

TÍTULOS NON UNIVERSITARIOS	PUNTUACIÓN
BACHARELATO	0,50
ESO	0,25

D) IDIOMA GALEGO. Puntuación máxima apartado D) 6 puntos.

A puntuación máxima neste apartado será de 6 puntos, conforme aos seguintes criterios, en dous apartados independentes.

- D.1- Niveis de galego con referencia ao marco europeo. Máximo 4 puntos

Non se puntuará o nivel de galego que se sinala no Anexo I, como nivel esixido para o desempeño do posto.

- Nivel de galego B2, CELGA 3: 2 puntos
- Nivel de galego C1, CELGA 4: 3 puntos
- Nivel de galego C2, CELGA 5: 4 puntos

D.2 Outros cursos: Máximo 2 puntos.

A puntuación do apartado D.1 poderá incrementarse cando a Comisión de Valoración considere que os cursos incluídos neste apartado son relevantes para o desempeño da función do posto convocado, sempre que se estea en posesión como mínimo do Nivel de Galego C1 ou o CELGA 4:

Cursos Específicos de linguaxe administrativa ou xurídica administrativa:

- Básico: 0.5 puntos
- Medio: 0.75 puntos
- Superior: 1 puntos
- Tradutor: 2 puntos

Grao ou Licenciatura en Lingua Galega: 2 puntos.

E) IDIOMAS DA UNIÓN EUROPEA. Puntuación máxima: 2 puntos.

Puntuarase sempre que se considere relevante para o desempeño do posto de traballo convocado.

Marco Europeo de referencia para os idiomas cooficiais:

- Nivel A1: 0,75 puntos
- Nivel A2: 1 punto
- Nivel B1: 1,25 puntos
- Nivel B2: 1,50 puntos
- Nivel C1: 1,75 puntos
- Nivel C2: 2 puntos

8.4 ANTIGÜIDADE. Puntuación máxima 10.5 puntos.

Valorarase a razón de 0.45 puntos por ano de servizos na Administración.

Para estes efectos, computaranse os servizos prestados con carácter previo ao ingreso no Corpo ou escala, expresamente recoñecidos ao abeiro do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos propios na Administración Pública. Non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados.

8.5.- SUPOSTOS REFERIDOS Á CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL Puntuación máxima 7 puntos.

Valoraranse os supostos que a continuación se indican, cando o posto convocado ao que opta o empregado estea en distinto Concello do posto de procedencia.

- a) O destino previo do cónxuxe empregado/a, obtido mediante convocatoria pública, no concello onde radique o posto ou postos de traballo solicitados, sempre que se acceda desde concello distinto: 3 puntos.
- b) O coidado de fillos, tanto cando o sexan por natureza como por adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo, ata que o fillo cumpra doce anos, sempre que se acredite polos interesados indubidablemente que o posto de traballo que se solicita permite unha mellor atención ao menor: 3 puntos.
- c) O coidado dun familiar, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, sempre que, por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída, sempre que se acceda desde un concello distinto, e sempre que se acredite indubidablemente polos interesados que o posto que se solicita permite unha mellor atención do familiar: 3 puntos.

A valoración deste último suposto será incompatible coa outorgada polo coidado de fillos.

Para que poidan ser valoradas estas situacións relativas á conciliación da vida persoal, familiar e laboral, necesariamente os solicitantes que as aleguen deberán acreditarlo mediante a presentación da documentación que se especifica no apartado 5.4.c) da base quinta.

8.6 PUNTUACIÓN MÍNIMA

A puntuación mínima necesaria para a adxudicación de vacantes convocadas será de 15 puntos.

9. VALORACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

9.1 A Comisión efectuará a valoración conforme aos criterios establecidos no baremo. Efectuada esta, formularase unha proposta provisional de nomeamento, a favor do candidato ou candidatos que obtiveran as maiores puntuacións sempre que superara a puntuación mínima de 15 puntos, sen que o número de aspirantes propostos poida exceder do número de postos convocados.

9.2 En caso de empate acudirase para resolvelo á puntuación obtida nos apartados do baremo pola orde que figuran neste.

9.3 A proposta provisional publicarase no Taboleiro de Anuncios e na páxina web deste Organismo coas puntuacións que obtiveran todos os concursantes. Os interesados poderán interpoñer reclamacións contra esta nun prazo de cinco días. Resoltas estas pola Comisión de Valoración, elevarase proposta definitiva á Xunta de Goberno, que resolverá definitivamente.

En caso de non existir reclamacións no prazo sinalado, a proposta provisional farase definitiva elevándose á Xunta de Goberno para os efectos previstos no apartado anterior.

10. PRAZO PARA A RESOLUCIÓN DO CONCURSO E PUBLICACIÓN:

O prazo para a resolución do concurso será de dous meses desde o día seguinte ao remate do prazo de presentación de instancias, consonte ao artigo 47 do RD 364/95, de 10 de marzo.

A resolución do concurso publicarase no BOP, no Taboleiro de Anuncios e na páxina web da Entidade .

11. TOMA DE POSESIÓN.

Realizado o nomeamento pola Xunta de Goberno, os interesados tomarán posesión nun prazo de tres días hábiles se non implica cambio de residencia do empregado/a, o de un mes se comporta cambio de residencia ou reingreso ao servizo activo.

O prazo de toma de posesión comezará a contarse a partir do día seguinte ao cesamento, que deberá efectuarse dentro dos 3 días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso no Boletín Oficial da Provincia.

Os destinos adxudicados serán irrenunciabes, salvo que, antes de rematar o prazo da toma de posesión, obtivera outro mediante convocatoria pública.

Unha vez formalizada a toma de posesión comunicárase á Intervención, Nóminas, Persoal, Xefes das dependencias respectivas e á Xunta de Persoal.

12. IMPUGNACIÓN.

As presentes Bases e todos os actos derivados destas poderán ser impugnados de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

13. RECURSOS.

Contra o presente Acordo polo que se aproban as bases e se realiza a presente convocatoria, que é definitivo en vía administrativa, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Presidente da Deputación Provincial no prazo de un mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma no BOP, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Pazo Provincial, 5 de novembro de 2018.- O SECRETARIO P.S O SECRETARIO XERAL ADXUNTO, José Antonio Mourelle Cillero.

ANEXO I**A COORDINADOR XEFE II**

Nº DE POSTOS CONVOCADOS		DENOMINACIÓN POSTO DE TRABALLO		
1	COORDINADOR XEFE II GRANXA			
ADSCRICIÓN	ÁREA DO MEDIO RURAL E DO MAR- GRANXA PROVINCIAL			
Nº POSTO	RX	TP	CD	
1553	L	S	20	
FUNCIÓN ESENCIAL DO POSTO				
Coordinación, programación, organización, control e supervisión das actividades diarias a realizar polo persoal da granxa provincial, sendo o responsable da utilización das medidas de prevención de riscos, da vixilancia do estado de conservación e mantemento das instalacións e do estado do gando e da subministración (alimentos, materiais, recursos...), segundo as instrucións recibidas e os obxectivos prefixados. Exercer responsabilidade xerárquica sobre o persoal que se adscriba ao posto.				
REQUISITOS INDISPENSABLES PARA A PROVISIÓN				
TIPO DE PERSOAL		LABORAL		
GRUPO-S/SUBGRUPO-S		B/C-C1/C-C2		
TITULARES DE PRAZAS DE:		Mestres ou oficial oficios múltiples ou do Grupo B con contidos relacionados.		
NIVEL DE GALEGO				
CELGA IV				

B RESPONSABLES II**B.1**

Nº DE POSTOS CONVOCADOS		DENOMINACIÓN POSTO DE TRABALLO		
1		RESPONSABLE II MAQUINARIA GRANXA		
ADSCRICIÓN		ÁREA DO MEDIO RURAL E DO MAR- GRANXA PROVINCIAL		
Nº POSTO	RX	TP	CD	
1554	L	S	18	
FUNCIÓN ESENCIAL DO POSTO				
.Asumir a responsabilidade, mantemento, conservación, limpeza e bo uso da maquinaria da Granxa Provincial, exercendo de condutor e colaborando nas funcións relativas ao coidado e alimentación do gando, segundo as instrucións recibidas e os obxectivos prefixados.				
REQUISITOS INDISPENSABLES PARA A PROVISIÓN				
TIPO DE PERSOAL		LABORAL		
GRUPO-S/SUBGRUPO-S		C-C2		
TITULARES DE PRAZAS DE:		Maquinistas Granxa Provincial		
NIVEL DE GALEGO				
CELGA II				

B.2

Nº DE POSTOS CONVOCADOS		DENOMINACIÓN POSTO DE TRABALLO		
1		RESPONSABLE II PORTERÍA, VIXILANCIA, SEGURIDADE EDIFICIOS DESCENTRALIZADOS		
ADSCRICIÓN		PRESIDENCIA-UNIDADE DE PORTERÍA E VIXILANCIA		
Nº POSTO	RX	TP	CD	
I964	L	S	18	
FUNCIÓN ESENCIAL DO POSTO				
Asumir a responsabilidade das tarefas e actuacións de portería, seguridade, vixilancia, reprografía e limpeza dos edificios descentralizados que se lle encomenden, segundo as instrucións recibidas e os obxectivos prefixados.				
REQUISITOS INDISPENSABLES PARA A PROVISIÓN				
TIPO DE PERSOAL		LABORAL		
GRUPO-S/SUBGRUPO-S		C-C2		
TITULARES DE PRAZAS DE:		Oficiais		
NIVEL DE GALEGO				
CELGA III				

C ENCARGADO I

Nº DE POSTOS CONVOCADOS		DENOMINACIÓN POSTO DE TRABAJO		
1		ENCARGADO I MONTAXES, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO CENTRAD		
ADSCRICIÓN		ÁREA DE TURISMO E CULTURA-SUBÁREA CULTURA, PHA, ARTESANÍA E DESEÑO E EDUCACIÓN, CENTRO DE ARTESANÍA E DESEÑO		
Nº POSTO	RX	TP	CD	
1547	L	S	18	
FUNCIÓN ESENCIAL DO POSTO				
Encargado do Montaxe e desmontaxe das exposicións realizadas polo Centro de Artesanía e Deseño, traslado de pezas expositivas, preparación de aulas para as accións formativas, así como as tarefas de oficios necesarias para o mantemento e conservación do centro, segundo as instrucións recibidas e os obxectivos prefixados.				
REQUISITOS INDISPENSABLES PARA A PROVISIÓN				
TIPO DE PERSOAL		LABORAL		
GRUPO-S/SUBGRUPO-S		C-C2		
TITULARES DE PRAZAS DE:		Oficial Oficios Múltiples		
NIVEL DE GALEGO				
CELGA III				

COMPLEMENTOS ESPECÍFICOS

Os complementos específicos dos postos de traballo que se convocan son os determinados na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) aprobada definitivamente en sesión plenaria de 29 de marzo de 2018, publicada no BOP nº 190, de 20 de agosto de 2018.

No exercicio orzamentario 2018 a contía establecida na RPT vixente percibirase conforme o establecido na Resolución da Presidencia de data 21 de setembro de 2018 sobre aplicación das retribucións do persoal funcionario, laboral e eventual da Deputación Provincial de Lugo para 2018.

Pazo Provincial, 5 de novembro de 2018.- O SECRETARIO P.S O SECRETARIO XERAL ADXUNTO, José Antonio Mourelle Cillero

MODELO SOLICITUDE

ANEXO II- BASES PROVISIÓN POSTOS DE TRABAJO PERSOAL LABORAL

SISTEMA DE PROVISIÓN: CONCURSO ORDINARIO

DATOS DO POSTO QUE SE SOLICITA	
DENOMINACIÓN POSTO DE TRABAJO	Data publicación convocatoria no BOP
ADSCRICIÓN	

DATOS PERSOAIS				
Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome		
Enderezo a efectos de notificación (rúa, praza, avenida...)		Número	Andar	Porta
Localidade (lugar, barrio, parroquia, poboación...)	Concello	Provincia	Pais de residencia	Código postal
Teléfono de contacto (fixo/móbil)	Correo electrónico		DNI	

RELACIÓN DE MÉRITOS QUE FAI CONSTAR O ASPIRANTE E QUE SERÁN ACREDITADOS SEGUNDO SE SINALA NA BASE 4.5 DA CONVOCATORIA

A) FORMACIÓN RELACIONADA DIRECTAMENTE RELACIONADA COAS FUNCIÓNS DO POSTO AO QUE SE OPTA (BASE 8.3)

1º CURSOS DE FORMACIÓN, PERFECCIONAMENTO OU DOCENCIA incluídos nos Plans de Formación da Deputación Provincial ou en calquera outra Administración que sexan deseñados especificamente para a Administración Local.

ASISTENCIA				
Nº	DENOMINACIÓN ACCIÓN FORMATIVA	ORGANISMO OU ENTIDADE	HORAS	DATAS DE REALIZACIÓN (día-mes-ano)
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
9				
...				

APROVEITAMENTO				
Nº	DENOMINACIÓN ACCIÓN FORMATIVA	ORGANISMO OU ENTIDADE	HORAS	DATAS DE REALIZACIÓN (día-mes-ano)
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
9				
...				

IMPARTICIÓN				
Nº	DENOMINACIÓN ACCIÓN FORMATIVA	ORGANISMO OU ENTIDADE	HORAS	DATAS DE REALIZACIÓN (día-mes-ano)
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
9				
...				

DOCENCIA UNIVERSITARIA				
Nº	MATERIA IMPARTIDA	UNIVERSIDADE	HORAS	DATAS DE REALIZACIÓN (día-mes-año)
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
...				

2º CURSOS DE FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO realizados por Escuelas de Administración Pública (non deseñados especificamente para a Administración Local) ou por outras Entidades Públicas ou Privadas homologadas.

ASISTENCIA				
Nº	DENOMINACIÓN ACCIÓN FORMATIVA	ORGANISMO OU ENTIDADE	HORAS	DATAS DE REALIZACIÓN (día-mes-año)
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
9				
...				

APROVEITAMENTO				
Nº	DENOMINACIÓN ACCIÓN FORMATIVA	ORGANISMO OU ENTIDADE	HORAS	DATAS DE REALIZACIÓN (día-mes-año)
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
9				
...				

IMPARTICIÓN				
Nº	DENOMINACIÓN ACCIÓN FORMATIVA	ORGANISMO OU ENTIDADE	HORAS	DATAS DE REALIZACIÓN (día-mes-año)
1				
2				
3				
4				
5				

3º PUBLICACIÓNS, TÍTULOS NON OFICIAIS OU TÍTULOS PROPIOS.

Nº	DENOMINACIÓN	ORGANISMO OU ENTIDADE	HORAS	DATAS DE REALIZACIÓN (dia-mes-ano)
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
9				
10				
...				

B)CURSOS DE FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DE INFORMÁTICA

Nº	DENOMINACIÓN ACCIÓN FORMATIVA	ORGANISMO OU ENTIDADE	MODALIDADE (asistencia, aproveitamento ou impartición)	HORAS	DATAS DE REALIZACIÓN (dia-mes-ano)
1					
2					
3					
4					
5					
6					
7					
8					
...					

C) TITULOS UNIVERSITARIOS DE CARÁCTER OFICIAL

D) IDIOMA GALEGO

E) IDIOMAS DA UNIÓN EUROPEA

SUPOSTOS REFERIDOS Á CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL (BASE 8.5)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS	
Responsable do tratamento	DEPUTACIÓN DE LUGO
Finalidade do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión desta solicitude, así como a actualización da información e contidos dos expedientes persoais.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas podan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectifica e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Deputación de Lugo. Ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	- Teléfono: 982260000 -Fax: 982180004 - Correo electrónico: protecciondatos@deputacionlugo.org - Contacto DPD: dpd@deputacionlugo.org
Actualización normativa	No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

O/a abaixo asinante

SOLICITA ser admitido/a ás probas selectivas ás que se refire a presente instancia, **DECLARA** que son certos os datos consignados nela, e que reúne os requisitos esixidos nas bases, e **AUTORIZA** o tratamento dos seus datos persoais para os fins sinalados.

Lugo, de de 201.....

Sinatura

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

CONCELLOS**BECERREÁ***Anuncio***EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Por Decreto da Alcaldía de data 30/10/2018, prestouse aprobación inicial ao padrón da taxa por reservas de vía pública para aparcadoiro, carga e descarga e vaos correspondente ao ano 2018.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 31/12/2018.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 31 de outubro de 2018.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3073

*Anuncio***EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Por Decreto da Alcaldía, de data 30/10/2018, prestouse aprobación inicial ao padrón da Taxa por Ocupación de Beirarrúas con mesas e sillas correspondente ao ano 2018.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 31/12/2018. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 31 de outubro de 2018.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3074

GUITIRIZ

Anuncio

DESESTIMENTO DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL AO AMPARO DO PLAN UNICO DE COOPERACION COS CONCELLOS 2018 (BOP DE 6/09/2018), E APROBACION DE NOVAS BASES E CONVOCATORIA.

O Concello de Guitiriz aprobou en Xunta de Goberno Local de data 19 de outubro de 2018 o seguinte acordo:

(...)

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto a convocatoria para a selección de persoal laboral temporal ao amparo do Plan Único de Cooperación cos Concellos do ano 2018 da Deputación de Lugo, que foi aprobada pola XGL de Guitiriz de data 28/08/2018 e publicada no BOP de Lugo nº 205 de data 6/09/2018, xa que as bases aprobadas non recollen como requisito específico da convocatoria que os candidatos deben provenir de situación de desemprego segundo establece o programa de fomento do emprego da Deputación Provincial de Lugo que financia as contratacións, debendo publicarse o correspondente anuncio de desestimento da convocatoria no BOP de Lugo e notificarse aos/as candidatos/as que presentaron solicitude ao abeiro de dita convocatoria.

SEGUNDO.- Aprobar as seguintes bases para a selección de persoal temporal para distintos postos de traballo no marco do Plan Unico de Cooperación cos Concellos do ano 2018 da Deputación de Lugo, mediante o sistema de oposición:

“BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL TEMPORAL AO AMPARO DO PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2018 DO PLAN UNICO DE COOPERACION COS CONCELLOS DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICION.

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto a selección de persoal temporal para os seguintes postos de traballo no marco do programa “FOMENTO DO EMPREGO 2018” financiado pola Deputación Provincial de Lugo ao amparo do PLAN UNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018, polo que os aspirantes deberán ser desempregados:

- 2 peóns cunha duración máxima de 9,5 meses sin exceder a data límite de execución do programa: 30 de setembro de 2019. O contrato laboral será por obra ou servizo de duración determinada regulado no artigo 15.1

a) do Texto refundido da lei do estatuto de los traballadores, a xornada completa para o mantemento das estradas urbanas de Guitiriz e Parga.

- 1 Conserxe-condutor/a cunha duración máxima de 9,5 meses sin exceder a data límite de execución do programa: 30 de setembro de 2019. O contrato laboral será por obra ou servizo de duración determinada regulado no artigo 15.1 a) do Texto refundido da lei do estatuto de los traballadores, a xornada completa para atención nos servizos municipais de Centro de Día, actividades no Pavillón municipal, peregrinos e actividades culturais.

- 1 administrativo/a como “funcionario/a interino/a para execución de programa temporal” (apoio para a posta en funcionamento da contratación electrónica municipal) conforme ao artigo 10.1c) do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; e artigo 23.2 c) da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, cunha duración máxima de 9 meses sin exceder a data límite de execución do programa: 30 de setembro de 2019. O nomeamento interino será a xornada completa para apoio no departamento de contratación municipal.

